

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MAR DA XUNTA DE GALICIA E O MINISTERIO DE DEFENSA SOBRE COLABORACIÓN E COORDINACIÓN NO ÁMBITO MARÍTIMO

MEMORIA XUSTIFICATIVA

Lino Sexto Bermúdez, subdirector xeral de Gardacostas de Galicia da Consellería do Mar,

DECLARA:

Que esta consellería formalizou co Ministerio de Defensa o instrumento convencional arriba referido o 24 de xullo de 2025 (BOE nº 193 do 12.08.2025), para servir de marco para a cooperación e colaboración entre o Ministerio de Defensa e a Consellería do Mar da Xunta de Galicia no ámbito marítimo e a mellora da eficacia no desempeño das súas respectivas competencias.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

- Establecer métodos e procedementos para normalizar os intercambios de información xeral sobre actividades de interese mutuo e peticións de colaboración.
- Estudar e promover oportunidades de adestramento mutuo entre unidades aéreas e marítimas do Servizo de Gardacostas de Galicia e as unidades da Armada, especialmente durante as actividades de vixilancia marítima, de modo que permitan mellorar o adestramento mutuo das dotacións e tripulacións de ambas as partes. Estas actividades de adestramento efectuaranse na medida que o permitan as súas respectivas prioridades operativas e as dispoñibilidades de persoal e material.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional asinado fundaméntase en que a pesca reviste un interese particular para España, non só pola súa importancia económica e social para certas poboacións e rexións costeiras, senón pola súa achega positiva á saúde e o benestar da sociedade. A loita contra a pesca ilegal, non declarada e non regulada, precisa estruturas internacionais de cooperación, pero tamén a adopción interna de medidas como o control da procedencia das capturas. A execución efectiva destas medidas, tanto na mar como en terra, require a colaboración de distintos órganos tanto estatais coma autonómicos.



Que o Ministerio de Defensa, a través da Armada, e a Consellería do Mar da Xunta de Galicia, a través da Subdirección Xeral de Gardacostas de Galicia, contan respectivamente con capacidades e unidades permanentes para levar a cabo as actividades da súa competencia na mar, velando polos intereses marítimos nacionais e autonómicos.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificando o recurso á sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

O subdirector xeral de Gardacostas e Galicia

(data e sinatura electrónica)

Lino Sexto Bermúdez

